



En aplicación do previsto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio emite o preceptivo informe de legalidade relativo ó ***Proxecto de orde pola que se establecen as normas de aplicación do imposto compensatorio ambiental mineiro.***

A Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, crea no capítulo III do seu título I, o imposto compensatorio ambiental mineiro (ICAM), tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia, de carácter ambiental, orientado a compensar as externalidades negativas xeradas polas actividades de extracción, explotación e almacenamento de minerais metálicos industriais e metais preciosos.

O artigo 19 da lei establece que a consellaría competente en materia de facenda aprobará as normas de aplicación do tributo e poderá dispor que as declaracións e autoliquidacións do ICAM se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, se é o caso, se aproben. Así mesmo, poderá exixir a obrigatoriedade da súa presentación e o aboamento mediante medios telemáticos. Pola súa parte o punto dous da disposición derradeira cuarta da lei autoriza á consellería competente en materia de facenda a aprobar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación do ICAM.

A competencia para aprobar o proxecto de orde examinado correspóndelle ao conselleiro de Facenda, de acordo co artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

A Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio foi a competente para a elaboración da norma. Segundo o previsto no artigo 16.2º.l) do Estatuto da Axencia



Tributaria de Galicia, aprobado polo Decreto 202/2012, de 18 de outubro, a proposta normativa elaborouse pola dirección da axencia.

Mediante esta orde, establécese o réxime xurídico aplicable ao cumprimento das obrigas tributarias concernentes ao ICAM consonte cos principios e disposicións xerais regulamentarias contidas na normativa xeral tributaria e apróbanse os modelos en formato electrónico de declaracións e de autoliquidacións do ICAM.

A orde contén dezasete artigos, sete disposicións adicionais, dous disposicións derradeiras e catro anexos. A orde prevé a súa entrada en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Esta regulación é adecuada para acadar a súa finalidade e resultan cumpridos os trámites necesarios para a súa aprobación, segundo o establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Desde o informe do Servizo Técnico-Xurídico da fase inicial, na elaboración da disposición de referencia cumpríronse os seguintes trámites:

- 1.- Resolución de aprobación inicial do proxecto normativo.
- 2.- Publicación no Portal de transparencia e Goberno aberto, na páxina web da Xunta de Galicia. Non se presentaron suxestións por esta canle.
- 3.- Trámite de audiencia. Recibíronse alegacións de diversas entidades interesadas, que se incorporaron ao expediente.
- 4.- Informe tecnolóxico funcional da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da AMTEGA.



5.- Informe económico-financiero da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

6.- Informe da Asesoría Xurídica.

En consecuencia e de acordo co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio informa favorablemente o proxecto de orde de referencia, por estimar que queda garantida a súa legalidade, se ben deberá someterse ao ditame do Consello Consultivo de Galicia por ditarse en desenvolvemento dunha norma con rango de lei.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017.

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

María del Socorro Martín Hierro.